

## CATÁSTROFE DE BENS Mesa redonda - Debate

O pasado dia 9 de outubro tivo lugar na Sala Fonseca de A Coruña o que foi o primeiro debate público trás o accidente ocorrido no vertedero de Bens, que sacou a palestra pública a grave situación da xestión do lixo urbano na Coruña, e por extensión no resto do país. Organizado por ADEGA, participaron no debate Ramón Vidal Romaní, Xosé González Ferreira, Manuel Soto e Oliva Nuñez, estando convocados representantes do Concello de A Coruña e de Ferogasa, pero que non asistiron. O escritor Manuel Rivas faria a presentación e a moderación do debate. A asistencia ao acto dunhas 300 persoas puxo de manifesto o interese e a sensibilidade que o tema despertou en A Coruña.

### Manuel Rivas:

Boas noites. Gracias por acudir a esta chamada, por estar aqui. Ainda que en algunos meios saiu equivocada a noticia, estamos moitos e moitas, pero creo que estariamos muita mais xente se saíra axeitadamente anunciadno na prensa (nun xornal aparece anunciado para maña). Antes que nada dicer que foron tamén convidados a estar presentes o Concello de A Coruña, que non respondeu, e representantes da empresa concesionaria de recollida de lixo, Ferogasa, que enviou un fax declinando a sua participación.

Resulta obrigado un recordo para unha persoa, Xoaquín Serantes, cidadán da Coruña, que faleceu como consecuencia deste desastre, e a nosa condolencia para coa sua familia. Recordar este feito que á veces se esquece. E por suposto, con independencia de calquera opinión co que pasou e do que hai que facer, penso que hai que mostrar a nosa solidariedade coas persoas, cidadáns coruñeses, que permanecen no polideportivo en condicións bastante semellantes ás dos refuxiados dunha guerra.

Tocame a mí dizer unhas verbas de presentación. Eu viña camiño do acto pensando nun relato de Italo Calvino, nunha espécies de memórias nas que reflexiona sobre o feito de que a sua única colabora no traballo doméstico ven sendo ao final do dia o baixar a bolsa do lixo, e vai contando como nese intre se lle ocorren moitas cousas, nun acto de especial inspiración

para el e para outros. Mesmo o poeta Rafael Morales poido escrever neses momentos algún soneto. É dizer, o lixo pode inspirar outro tipo de ideais e de pensamentos. Ese soneto que se chama "Prático doloroso do cubo de basura", do que eu lerei neste acto espontáneo só unha parte:

*Un vello cubo suxo e resinado, desde o teu corazón a pena envia o pranto do homilde e do olvidado.*

O primeiro motivo de reflexión é que depois dese feito dramático ocorrido hai case un mes, sexa este o primeiro acto nesta cidade, e hai que agradecer-llo á iniciativa de ADEGA, o primeiro acto, o primeiro foro, a primeira asemblea cidadá onde se discute e se reflexiona sobre o silencio, sobre o problema, e sobre o silencio tamén. Efectivamente, eu penso que o feito en sí é mui dramático, pero ainda se intensifica o drama ao observar esta parálise social, esta especie de silencio non sei se dos cordeiros. Eu penso que, dese logo, iso ten pouco que ver coa democracia como goberno do povo. É a primeira reflexión que se me ocorre.

Nun libro mui interesante publicado este ano por un filósofo francés chamado Pascal Brane, o autor fala do crecente proceso de substitución do concepto de cidadán, cidadán democrática, cidadán participativo, polo concepto de consumidor. E eu pergunto se aquí se nos considera cidadáns, ou se se



# Actualidade

simplemente se nos está xa a considerar esclusivamente como un colectivo de considores, aos que só se nos pode dirixir a palabra en forma de publicidade ou propaganda.

Isto é o que quería dicer de entrada, e vou a presentar aos participantes. Pero antes, dividiremos o acto en duas partes. Nunha primeira rolda de intervencións e debate pretendemos facer unha análise do sucedido no vertedero de Bens, facendo fincapé nos puntos obscuros ou ainda non aclarados, que estivo a pasar aí durante 20 anos trás esa cortina ou esa ficción na que viviamos nesta cidade. Nunha segunda rolda de intervencións o que nos interesará será sacar conclusións positivas do sucedido, e propor alternativas para o futuro, sobre o que hai que facer co lixo na Coruña e no resto do país.

En primeiro lugar, falara-vos Ramón Vidal Romaní, Catedrático de Xeodinámica da Universidade da Coruña, e Director da Oficina de Transferencia de Resultados da Investigación (OTRI) desta universidade.

## Ramón Vidal Romaní:

Neses mesmos días celebraba-se aquí a Cuarta Reunión Nacional de Xeomofoxia, na que intervinieron mais de 100 especialistas, e que na sua clausura abordou o problema da catástrofe de Biescas nos Pirineus. Nesta reunión analisou-se o suposto carácter bíblico destas catástrofes: imprevisíveis, imparábeis... cousa de deus en definitiva. Pero polo contrario, puxo-se de manifesto que no caso de Biescas, as pequenas barraxes que había ao longo do río e que tiñan como finalidade conter a auga e o barro que caeu levavan cheas desde hai ao menos vintecindo anos. Esa foi unha das causas do desastre, até o punto de que compañeiros meus que estudaron o ocurrido en Biescas dixerón que de catástrofe natural nada, de imprevisible nada... o que houvo foi un abandono dos mecanismos de seguridade ademais da ubicación incorrecta do camping.

Sorprendeu-nos no transcurso da Reunión esta nova catástrofe, pretendidamente natural, imprevisible, cousa de deus... A min pareceume insultante que por parte dos responsables se dixerá que non había maneira de controlar o vertedero, e mais cando se comezou a alamar á poboación dicindo que había risco de que cairan outras oitocentas mil toneladas de lixo, sen poder facer nada. Nese momento intervin na prensa, primeiro na foránea, xa que aquí non había eco algúm de canto se dicia, e depois na prensa local, ao chegaren as noticias por axencias de fora. A miña intención era tranquilizar á xente, dicindo que non había o perigo que se afirmava, e que mais ben me parecia unha cortina de fume para agachar outros problemas



que ao longo deste mes foron saíndo a luz.

Por outro lado, temos aquí unha empresa, a Universidade de A Coruña, con un presupuesto duns 8 mil millóns de pesetas ao ano, con perto de mil investigadores, que difunde en toda Galicia o catálogo da Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI), que recolle os diversos departamentos e liñas de investigación existentes. Entre elas aparecen algunas como contaminación ambiental, contaminación por metais pesados no medio mariño, tratamiento de augas residuais, tratamiento de augas naturais contaminadas... Pero a pesar de que o Reitor mandou unha carta ao sr. alcalde, non houvo resposta nengunha. Por que non se aproveitou esa axuda, non o sei.

Por último, quería indicar que tanto o vertedero vello como o novo cumplían certas condicións, ao estarem situados en zonas con substrato non permeável, granito mui impermeável, e cun baixo risco de contaminación de acuíferos porque nesa zona non hai acuíferos de importancia. Os problemas que xurdiron devénse a que os vertedeiros teñen una capacidade limitada, non podendo verter neles indefinidamente. En Bens escedeuse a capacidade do vertedero.

## Manuel Rivas:

Xosé Glez. Ferreira, enxeñeiro da empresa OTT-CONSA, é coautor dun proxecto de recollida selectiva e reciclaxe para a península do Morrazo. Entre outras experiencias participou no plan piloto de reciclaxe na cidade de Córdoba. Ten a palabra.

## X. González Ferreira:

Hoxe atopamo-nos aquí para falar dun tema case anedóctico, poisw eu creo que todo o que aconteceu deve facer-nos pensar que é o que estamos a facer co lixo; que é o correcto facer co lixo, esa deve ser a reflexión, mais que vender zonas catastróficas e facer unha desmesura do que aconteceu.

Eu diría que o derrube desta montaña de lixo deveu-se a tres factores. Primeiramente, ao perigoso que resulta cando servizos esenciais se poñen en mans de empresas privadas que teñen a lexitima e lóxica aspiración de maximizar benefícios. E isto está ocorrendo en España con diversos servizos, ao revés do que sucede por exemplo en Alemaña ou en Inglaterra onde a xestión do lixo está mais ben en mans públicas. O negocio do lixo en España move da orden de 300 a 500 mil millóns de ptas ao ano. Hai interese en que cada vez se produza mais lixo, porque cada quilo son 7 ou 10 ptas más.

Por outro lado, a explicación física ao derrumbe da montaña de lixo, situada sobre un plano inclinado, é perfectamente posible dacerco das leis da mecánica. Non só neste caso, senón en xeral, os vertedeiros andan, moven-se, e cando non se construyen en trincheras senón en área, o que se fai é construir eso que chamaos

muros, pero que non son outra cousa que diques de terra. Ademais da pendiente, a auga da chuvia, actuando como un lubricante, fai que a montaña caia. O vertedero ten algúns errores, ao meu entender, como é a ausencia de canais que separan a auga de choiva e eviten a entrada dese lubricante dentro dos resíduos. Devería ter, xa que é un vertedero de media densidade con fermentación anaerobia, uns tubos de drenaxe do biogás. Ao non existiren, a formación de bolsas de biogás axuda ou favorece o deslizamento. A ubicación non é a mais axeitada, ao estar tan perto o mar. E ainda que a lexislación vixente obriga a impermeabilizar, o mais preocupante é a contaminación por escorrentia, procedente de auga de chuvia que lava o lixo e arrasta os contaminantes, neste caso directamente ao mar.

Pero en realidade, a verdadeira catástrofe é non afroantar adecuadamente a xestión do lixo. O que pon de manifesto o desplome do vertedero é que preferimos estar nunha cidade cun bonito estadio, con un gran xogador ou xogadora, e esquecemos do lixo. Non é nengún secreto que a reciclaxe e a xestión ecoloxica do lixo nunca é un negocio en términos económicos, senón que é un negocio de vida, de supervivencia. Por elo, eu non quixera abrir demasiadas brasas contra este concello, pois hai alí 50 puntos nos que podería haber problemas semellantes aos daqui.

Falamos de que producimos 1 quilo de lixo por dia cada un de nós. Pero se sumaramos todo o lixo que producimos na nosa actividade despilfarradora, na nosa cultura de usar e tirar, depredadora, podemos chegar aos 17 quilos diarios só de residuos sólidos. A ese despilfarro, a ese esquilme da nai terra hai que poñer algún tipo de reparo, e o vertedero como sistema por pon de manifesto unha estratexia enganada.

Por último, a parte quizá mais negativa de todo isto é a mensaxe subliminal, que nos di que queimemos, xa que así non necesitaremos vertedero, o que é falso, como logo veremos. Un vertedero como unha instalación ben levada é necesaria, e é necesaria a reciclaxe, que hoxe pode chegar ao 70% do lixo ou máis.



## Manuel Rivas:

Isto de ouvir falar a un enxeñeiro da nai terra é algo para mí mui inusual; quizá algo se move por aí a raíz deste tema. Quen vos vai falar a continuación é Manuel Soto Castiñería, Secretario Xeral de ADEGA, que é a Asociación ecoloxista que moveu este acto. El é tamén Profesor Titular de Enxeñaría Química na Universidade da Coruña.

## Manuel Soto Castiñería:

Adega manifestou que o vertedero era incontrolado na sua xestión, existindo por tanto un alto risco de que pasara o que pasou. Un informe realizado pola entón Universidade de Santiago hai dez anos (1986), puña de manifesto a caréncia dunha balsa de recollida de lixiviados (ugas residuais) así como da estación de tratamento que tamén era perceptiva. Carecia asimesmo de sistema algúns de drenaxe e evacuación das augas residuais, feito que pudo contribuir ao derrube do vertedero, de por si altamente inestable ao situar-se nunha ladeira de elevada pendiente. E carecía dunha rede de evacuación de gases. Estes e outros problemas foron tamén postos de manifesto por un informe mais recente (1995) resultado dun curso medioambiental, curiosamente organizado polo próprio concello. Lixiviados e incendios foron denunciados reiteradamente por diversos colectivos ecoloxistas ao longo destes anos.



# Actualidade

Os lixiviados presentan unha contaminación entre 10 e 20 veces a das augas residuais urbanas, e ademais conteñen toda unha relación de metais pesados que os converten en altamente preocupantes para o meio mariño. Pode que o efecto visual deses lixiviados no mar non sexa mui evidente, pero o vertedero de Bens é unha fonte mais, unha fonte significativa, de toda esa contaminación que desde terra está indo a parar aos mares e océanos, e convertendo o meio mariño, fonte de vida e de alimentación, nun verdadeiro estercoleiro químico. Outro aspecto preocupante da xestión do vertedero durante estas décadas son os contínuos incendios que tiveron lugar, pondo de manifesto esa combustión incontrolada do lixo que dá lugar á formación de novas susbtancias tóxicas, que van a estar presentes tanto nos lixiviados como nos fumes. E toda esta contaminación continuada ao longo de anos e anos é mais preocupante para nós que o próprio accidente en si.

Por elo, e a estas alturas, cando ademais na Coruña se recolleron no último ano miles de sinaturas a favor da reciclaxe, cando se cursaron solicitudes de diálogo co señor alcalde por parte dos grupos ecoloxistas, cando mesmo o alcalde levou ante o xuiz a membros de grupos ecoloxistas desta cidade por reclamar ese diálogo no pleno dun concello, ningún poderá dicer que as autoridades non eran coñecedoras desta problematica.

Pero non todas as responsabilidades neste tema son do concello de A Coruña, titular das instalacións e responsábel da xestión do lixo segundo a Lei de RSU de 1975. Existe tamén unha Consellería de Sanidade que debería ter inspeccionado e tomado medidas sobre un foco de contaminación e risco para a saúde das persoas, a escasos metros de núcleos habitados, existe unha Secretaria Xeral de Protección Civil que xuntamente coa Policia Ambiental depende da Consellería da Presidencia, e que en teoría está para vixiar este tipo de situacions e tomar a tempo as medidas oportunas. Iso sen esquecer a responsabilidade que ten a Xunta na xestión do lixo a nivel de toda Galicia.

É significativo o caso de Ponta Roncudo, unha das mellors zonas percebeiras de Galiza, onde hai dous anos se comezou a verter o lixo nunha ladeira a poucos metros do mar e a queimá-lo, sen que as denúncias dos veciños e de ADEGA serviran para nada. Hai entón claramente unha responsabilidade da Xunta na situación de vertido incontrolado (un 80% de todo o lixo) que padecemos na Galiza.

## Manuel Rivas:

Parecería que hai unha espécie de fixación cos lugares mais fermosos para colocar vertedeiros, ou unha espécie de instinto mítico que leva a colocar un vertedero en Fisterra, buscando o poente ou o crepúsculo, en Ponta Roncudo, e noutras paraxes similares. Por último falará Oliva Nuñez, estes días venvida á Coruña como tripulante do barco Sirius, e que é Secretaria de Saúde e Meio Ambiente de Greenpeace-España.

## Oliva Nuñez:

Xa se comentaron as razons que levaron ao derrube do vertedero, razons que non fixeron a sua aparición da noite para a mañá se non que levavan aí moitos

anos, polo que a min me gostaría situar o ocurrido nun problema que existe non só na Galiza senón en todo o Estado Español, que é a situación dos vertedeiros de RSU que mais que controlados habería que dizer se están legalizados. Trata-se de vertedeiros que están localizados xunto a ríos, contaminando aqüíferos de forma irreversíbel, e todo isto en contra da propia Lei de eliminación de resíduos sólidos urbanos, que di, entre outras cousas: "A eliminación de RSU deverá levarse a cabo evitando toda influencia perjudicial para o solo, vexetación e fauna, a degradación da paisaxe, a contaminación das augas e do ar e en xeral todo o que poda atentar contra o ser humano e o medio ambiente que o rodea". Moi poucos vertedeiros cumplen con esta lei.

Habería que buscar a razón de por qué se dá esta situación. E é pola falta absoluta a nivel estatal dun plan de xestión de RSU baseado nuns criterios ambientais. Xunto a este plan tería que existir tamén unha lei de envases e embalaxes que cumprira eses requisitos. Non hai a nivel estatal un programa que apoie aquelas alternativas de xestión de RSU que eviten esta situación nos vertedeiros, situación que só serve para favorecer o discurso dos promotores de alternativas non ambientais.

## DEBATE

Aliás dalgunhas perguntas encamiñadas a profundizar ou a aclarar algúns dos puntos abordados polos ponentes, a participación do público puxo de manifesto a impoténcia e a falta de información que sofreron e seguen a sofrer os mais directamente afectados. Para Vidal Romaní existiu un total control da información pública, polo que se mostra pesimista sobre calquera proceso xudicial. Como alternativa propoñen-se accións colectivas e o agrupamento e reorganización social.

Outras persoas pidiron explicacións sobre os posibles riscos para a saúde das persoas e dos traballadores do lixo. Ferreira opinou que é necesario evitar o medo



ao vertedero, pois se ao mesmo só van resíduos sólidos urbanos, e se xestiona adequadamente, o risco de contáxios é realmente baixo. Pero claramente, o vertedero de Bens é incontrolado.

Outros temas de preocupación son os relativos ao impacto no meio mariño e sobre o tipo de medidas que se deben tomar para resolver o problema concreto que ali esiste. Manuel Soto considera que o lixo debe ficar aí, asegurando a estabilidade do vertedero, construindo un muro de contención. Tamén é necesario instalar un sistema de drenaxe de lixiviados e realizar o seu tratamento, e un sistema de evacuación e depuración dos gases, para acabar selando adequadamente o vertedero e recuperar a zona.

## ALTERNATIVAS DE FUTURO PARA A XESTIÓN DO LIXO

### Ramón Vidal Romaní:

A instalación de vertedeiros na Galiza non presenta problemas relacionados co solo, porque o substrato é impermeábel, xeralmente de granito ou de lousa, que ten unhas condicións ideais. Outra cousa é que sexa necesario un deseño específico, unha impermeabilización adicional ou a evacuación e depuración de lixiviados. Como xeólogo, podo dicir que non hai problemas agás nalgúnha zona de Ourense ou de Lugo. Non é o caso de Bens. Na Galiza non hai problemas de arxillas expansivas, nen de seismos, podendo construir-se vertedeiros que sexan seguros.

### Xosé González Ferreira:

A primeira base é ter unha cidadanía que lle de mais importancia a xestión correcta do lixo que a ter un bon estádio.

### Manuel Rivas:

Mais realismo, por favor, así non faríamos nada na Coruña, algo que sexa viábel?

### Xosé González Ferreira:

Outro exemplo. Temos que ser conscientes de que hoxe aquí estamos pagando uns 700 millóns en recoller esa colilla que se cae ao chan, en total unhas 200 toneladas

ao ano, unha actuación estética, e non adicamos ese diñeiro para evitar a producción de lixo, por exemplo. Para unha alternativa ecolóxica fai falla en primeiro lugar unha concienciación cidadana, unha participación. E fan falla recursos.

Poderíamos facer referencia ás experiencias que tivemos en Montejurra ou en Córdoba, e que agora estamos planteando para o Morrazo. É necesaria unha estratéxia esplicativa sobre a utilidade e calidade do compost para usar na agricultura. En Córdoba producimos o viño "As 3Rs" para levar adiante esta labor. Pero tamén sería unha incoerencia que estivesemos a recuperar o papel para reciclar, e que o próprio organismo público que paga esa recollida utilice papel de celulosa virxe. Ademais, ten que haber unhas medidas para os primeiros erres: para prevenir e para reducir, e para reutilizar.

### Manuel Soto:

É necesario proceder como mínimo a unha separación doble nos fogares, separando a matéria orgánica dos envases e embalaxes, para destinar a primeira á elaboración de compost e os segundos a reciclar. O sistema necesitaría un vertedero de apoio para os resíduos non recicláveis ou que non o son na situación actual. Esta separación doble tería que completar coa separación do papel e do vidro, incrementando o número de contenedores de papel e vidro que xa hoxe hai na cidade para a sua recollida. Asimismo é necesario fomentar a reducción especialmente das fracciones tóxicas e perigosas, e a sua recollida selectiva. A alternativa dos 3Rs é a única que pode resolver satisfactoriamente o problema dos tóxicos, que non son só as pilas. É necesario tamén fomentar a reutilización de envases e embalaxes, e para elo debería servir esa Lei de envases e embalaxes reiteradamente demandada.

### Oliva Núñez:

É hora de ver que debemos facer co lixo e qué é o que debemos demandar ás administracións a este respecto. E hai que afrontar o feito do consumo e falar de reducir antes incluso que de reciclar. Unha alternativa ecológica de xestión do lixo debería comenzar por cambiar a mesma terminología, deixando de falar de basuras para falar de recursos. Ademais da recollida selectiva considera fundamental esa Lei de envase e embalaxes que consti- tuyen xa mais da mitade do lixo, e que debería prohibir o PVC, reducir a utilización dos plásticos e fomentar a reutilización do vidro. A incineración é o sistema mais caro de xestión do lixo, até o punto de que hipoteca aos concellos, ao tratar-se de concesións por 25 anos que só se rentabilizan queriendo basura, e por tanto xenerando cada vez mais basura.

No debate que seguiu incidiu-se na viabilidade da alternativa dos 3Rs, no funcionamento de diversas experiencias a nivel do Estado, facendo-se eco de feitos como a actuación da fiscalía de Madrid en contra da incineradora de Valdemigómez, ou do recente rexeitamento pola Administración Foral de Guipuzcoa da construcción dunha incineradora e da sua aposta pola solución dos 3Rs. Debateu-se asimesmo sobre como debería organizarse a sociedade para propor e conseguir levar adiante a alternativa dos 3Rs na Coruña e Comarca. ■

